





SECTOR PÚBLICO, BENESTAR SOCIAL E CALIDADE DE VIDA

3.1. Comunidade autónoma

**3.2. Cobertura social
e financiamento**

3.3. Prestacións económicas

**3.4. Prestacións sanitarias
e sociais**

3.5. Educación

3.6. Medio ambiente

**3.7. Outros indicadores
de benestar social**

O PRESENTE CAPÍTULO TRATA DE ANALIZAR A ACTUACIÓN PÚBLICA EN ASPECTOS FORTEMENTE relacionados co benestar social, tanto no que se refire á protección sociosanitaria como á calidade de vida (educación, vivenda, cultura, ou protección ao consumidor).

A pesar de que o capítulo **1.5.- Poboación** desta memoria dedícase a analizar a evolución e a estrutura da poboación en Galicia, nesta introducción cómpre mencionar que a caída da súa importancia relativa no total estatal e o envellecemento da poboación ten un impacto directo no mercado de traballo (menor dispoñibilidade a medio prazo de poboación activa) así como na necesidade de redistribución de recursos cara ao sistema sanitario e aos servizos sociais. Asemade, é necesario incrementar as medidas de prevención da exclusión social.

O capítulo parte da consideración dos presupostos da Xunta de Galicia, que dedica á “Producción de bens públicos de carácter social” o 61,1% do se presuposto consolidado para 2004 (59,8% no ano anterior), e á “Seguridade, protección e promoción social”, o 6,6% do presuposto (6,3% no ano precedente). Comparado co ano anterior, estes aspectos medraron un 7,7% e 11,4%, respectivamente.

O presuposto consolidado en 2004 medrou un 5,3% respecto aos orzamentos do ano anterior, acadando os 8.162,7 millóns de euros, o que representa o 18,7% do PIB galego a prezos de mercado (prezos correntes) [fonte: IGE]. En termos per cápita, estes presupostos ascenden a 2.957,31 euros/habitante. A capacidade de autofinanciación da Comunidade Autónoma acadou o 42,7% do total dos seus ingresos non financeiros. Entre os recursos propios, cómpre salientar a medra dos ingresos tributarios (10,2% respecto ao ano anterior), namentres que entre os recursos transferidos, os procedentes do Estado o fixeron nun 7,2%.

No concernente á protección social, o capítulo dedica tres apartados á análise da cobertura e financiamento das prestacións sociais, das prestacións económicas e das prestacións sociosanitarias.

Ao longo do ano 2004, as obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General da Seguridade Social en Galicia ascenderon a 5.294,6 millóns de euros, en tanto que os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General ascenderon a 3.839,1 millóns de euros. O diferencial entre obrigas e dereitos recoñecidos netos é positivo no caso do réxime xeral (239,8 millóns de euros) e do réxime especial de traballadores autónomos (68,9 millóns de euros). Con todo, este diferencial positivo no logra compensar o diferencial negativo do resto dos réximes, salientando o réxime especial agrario, con -1.182,2 millóns de euros, e o réxime especial de traballadores do mar, con -341,1 millóns de euros.

O número total de beneficiarios dalgún tipo de prestacións –ben sexa contributiva ou asistencial–, acadou as 824,6 miles de persoas, o que significa que un 33,7% da poboación maior de quince anos é beneficiaria do sistema de protección social pública. Ao igual que acontecera no ano anterior, a medra do número de pensións da Seguridade Social (acada un total de 685,4 miles de beneficiarios) foi inferior á rexistrada polos novos afiliados ao sistema, o que supón un avance na solvencia do sistema (0,3% e 2,4%, respectivamente). Con todo,

cómpre salientar que Galicia acolle o 8,7% das persoas beneficiarias de pensións do Estado e só o 5,7% dos cotizantes do sistema. Estas porcentaxes poderían estar condicionadas polo diferencial de retorno de xubilados a Galicia.

No que atinxe aos aspectos da calidade de vida, este capítulo considera os principais problemas relacionados coa educación, medio ambiente, vivenda, cultura e protección ao consumidor.

Dende o punto de vista cultural, cómpre salientar que o Parlamento de Galicia aprobou, por unanimidade, o 22 de setembro de 2004, o Plan Galego de Normalización Lingüística.

No que á educación se refire, o gasto público por alumno en educación non universitaria medrou dende o ano 2000 ata o 2002 (último dato dispoñible), acadando os 3,4 miles de euros (2,8 miles de euros en 2000).

O número de alumnos nas universidades galegas continúa co descenso rexistrado nos cursos anteriores, acadando no derradeiro curso un total de 79.074 alumno, seis mil menos que no curso anterior.

No que atinxe á problemática medioambiental, o ano 2004 caracterizouse pola medra do número de incendios e da superficie queimada. Asemade, cómpre salientar, dunha banda, que a intencionalidade é a causa principal dos lumes forestais; doutra, a elevada concentración espacio-temporal dos incendios na comunidade autónoma.

No concernente á vivenda, o número de vivendas libres iniciadas en 2004 medrou en Galicia un 1,7% respecto ao acontecido no ano anterior, e o de vivendas rematadas, o fixo nun 7,9%. Sen embargo, as posibilidades de acceso a unha vivenda en propiedade volven a empeorar dado que o continuo aumento dos prezos inmobiliarios (12,3% en Galicia respecto ao ano anterior e 17,3% de media no conxunto do Estado), non se corresponde co crecemento medio dos salarios (o custo salarial total por traballador medrou en Galicia un 1,5% e un 2,8% de media en España) polo que se produce un empeoramento da relación entre prezos e ingresos familiares.

Se se define a ratio de solvencia coma a relación entre os prezos das vivendas e os salarios, unha vivenda media (considerada como aquela cunha superficie de noventa metros cadrados) ten en Galicia un prezo similar a 6,0 veces o custo salarial total medio de 2004, seis décimas superior ao existente no ano anterior. No conxunto do Estado esta ratio ascende ata o 8,1, un punto porcentual máis que en 2003. ■

3.1. Comunidade autónoma

O PRESUPUESTO CONSOLIDADO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA 2004 ASCENDEU a 8.162,7 millóns de euros, un 5,3% (413,4 millóns de euros) máis que os aprobados no exercicio anterior, o que representa o 18,7% do PIB galego a prezos de mercado (prezos correntes) [fonte: IGE] e supón 2.957,31 euros/habitante.

No ámbito dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2004 figura por primeira vez, entre os seus Entes públicos, a Sociedade Pública Autoestrada de Santo Domingo-Ourense, participada integramente por SPI-Galicia.

No último ano, a capacidade de autofinanciación da Comunidade Autónoma acadou o 42,7% do total dos seus ingresos non financeiros. Entre os recursos propios, os ingresos tributarios medraron un 10,2% respecto ao ano anterior, mentres que entre os recursos transferidos, os procedentes do Estado o fixeron nun 7,2% e os procedentes da UE mantivéronse nunha contía similar á do ano anterior.

En 2004, o oitenta e cinco por cento do endebedamento bruto aplícase á amortización da débeda. No ano precedente, todo o endebedamento bruto aplícase á devandita amortización.

A CONTA FINANCEIRA

A forma en que se interrelacionan as grandes magnitudes que interveñen na composición dos presupostos queda reflectida na conta financeira. A estimación dos ingresos por operacións correntes no exercicio 2004 sitúase en 7.086.428 miles de euros, cunha variación respecto ao exercicio precedente do 8,2%, mentres que a estimación dos gastos correntes ascendeu a 5.870.033 miles de euros, o que supón unha variación do 6,2% respecto ao 2003. Como reflicte o **cadro 3.1.2.**, o aforro por operacións correntes acadou os 1.216.395 miles de euros, o que supón un 19,1% de incremento respecto ao exercicio anterior.

No concerne ás operacións de capital, os gastos por operacións non financeiras de capital acadaron os 1.963.808 miles de euros, un 14,6% superior ao ano anterior, equivalente ao 4,5% do PIB galego a prezos de mercado, prezos correntes (fonte: IGE). Tendo en conta que os ingresos por operacións de capital ascenderon un 4,0% respecto aos presupostos de 2003, ata os 816.497 miles de euros, o déficit por operacións de capital ascendeu a 1.147.311 miles de euros, o que representa un 23,6% de incremento sobre o exercicio anterior.

No que atinxe ás operacións financeiras, o gasto en atencións financeiras acadou os 328.834 miles de euros e os recursos financeiros a 259.750 miles de euros.

Ao igual que no ano anterior, estímase unha situación inicial de capacidade de financiamento, que se cifra, para 2004, en 69.084 miles de euros, e un endebedamento neto de 38.900 miles de euros. O endebedamento bruto ascendeu a 259.085 miles de euros (413.648 miles de euros no ano anterior) aplicándose o 85% á amortización da débeda (o 100% en 2003).

Ámbito dos Presupostos Xerais da C.A. de Galicia 2004				
Administración Xeral		Administración Institucional		
Seccións	Organismos Autónomos		Sociedades Públicas	
	Administrativos	Comerciais, industriais e financeiros	Entes públicos	Sociedades mercantís
Parlamento Consello de Contas Consello da Cultura Galega				
Presidencia, Relacións Institucionais e Admón. Pública	EGAP			S.A. Centro Supercomput. de Galicia
Economía e Facenda	IGE	CES IGAPE CIXTEC		CEEI Galicia, S.A. SODIGA SPI Galicia S.A. XES Galicia S.A. S.P. Autoestrada A de S. Dom-Ourense
Política Territorial, O.P. e Vivenda		IGVS	Portos de Galicia	Xestur Coruña, S.A. Xestur Lugo, S.A. Xestur Ourense, S.A. Xestur Pontevedra, S.A.
Educación e Ord. Universitaria				
Industria e Comercio	IGC		Instituto Enerxético de Galicia	Galicia Calidade, S.A.
Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural		FOGGA	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	S.A. Desenvolvemento Comarcal
Cultura, Comunicación Social e Turismo		IGAEM	CRTVG F. Cidade da Cultura de Galicia	Xenética Fontao, S.A. TVG, S.A. RTVG, S.A. S.A. Xestión Xacobeo S.I.P.T.-Galicia S.A. Retegal, S.A.
Sanidade	SERGAS		Hospital de Verín I.G. Oftalmoloxía Hospital Virxe da Xunqueira Hospital A Barbanza Escola Galega de Admón. Sanitaria F.P.G.I. Saúde F.P. Urxencias Sanit. Galicia F.P. H.C. Do Salnés F.P.C. Transfusión	Medtec, S.A.
Pesca e Asuntos Marítimos				
Xustiza, Interior e Admón. Local	AGS			
Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado	SGPIHM			
Medio Ambiente	Augas de Galicia		Obas e Servizos Hidráulicos	Sogama, S.A.
Asuntos Sociais, Empr. e Rel. Lab.				
Emigración				
Consello Consultivo de Galicia				
Transferencias a CC.LL.				
Débeda Pública				
Gastos diversas Consellerías				
Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.				

CADRO 3.1.1. ▲

Conta financeira da Comunidade Autónoma 2003-04

	2003	2004	04/03	
	(en miles de €)		(%)	
1 Operacións correntes				
Ingresos	6.549.748	7.086.427	536.679	8,2
Impostos directos	822.702	918.126	95.424	11,6
Impostos indirectos	1.836.096	2.025.364	189.268	10,3
Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	186.032	191.219	5.187	2,8
Transferencias correntes	3.691.533	3.937.731	246.198	6,7
Ingresos patrimoniais	13.385	13.987	602	4,5
Gastos	5.528.058	5.870.033	341.975	6,2
Gastos de persoal	2.440.042	2.581.475	141.433	5,8
Gastos en bens correntes e servizos	857.267	925.599	68.332	8,0
Gastos financeiros	154.257	139.519	-14.738	-9,6
Transferencias correntes	2.076.492	2.223.440	146.948	7,1
Aforro por operacións correntes	1.021.690	1.216.394	194.704	19,1
2 Operacións de capital				
Ingresos	785.013	816.497	31.484	4,0
Alleamento de investimentos reais	78.104	74.755	-3.349	-4,3
Transferencias de capital	706.909	741.742	34.833	4,9
Gastos	1.713.314	1.963.808	250.494	14,6
Investimentos reais	849.062	982.885	133.823	15,8
Transferencias de capital	864.252	980.923	116.671	13,5
Deficit por operacións de capital	928.301	1.147.311	219.010	23,6
Necesidades de financiamento	93.389	69.083	-24.306	-26,0
3 Operacións financeiras				
Recursos financeiros	414.313	259.750	-154.563	-37,3
Activos financeiros	665	665	0	0,0
Pasivos financeiros	413.648	259.085	-154.563	-37,4
Atencións financeiras	507.702	328.834	-178.868	-35,2
Activos financeiros	94.054	108.649	14.595	15,5
Pasivos financeiros	413.648	220.185	-193.463	-46,8
Financiamento	93.389	69.084	-24.305	-26,0
4 Endebadamento neto				
Endebadamento bruto	413.648	259.085	-154.563	-37,4
Amortizacións	413.648	220.185	-193.463	-46,8
Endebadamento neto	-	-38.900	-38.900	-

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

A cobertura das operacións de capital polo aforro neto, segundo a ratio: “(aforro por operacións correntes–endebadamento neto)/gastos por operacións de capital”, foi en 2004 do 60,0%, catro décimas máis que no exercicio de 2003.

▲ CADRO 3.1.2.

A carga financeira da débeda pública nos orzamentos de 2004 situouse en 357.756 miles de euros, dos que 137.571 miles de euros corresponden a gastos financeiros e 220.185 miles de euros a amortización da débeda. Esta carga supuxo o 5,0% dos ingresos correntes presupostados, reducíndose un 36,8% (208.025 miles de euros) respecto do ano anterior.

O ORZAMENTO CONSOLIDADO

A través do orzamento consolidado pode apreciarse a dimensión real que os programas de gastos da Administración Xeral e dos organismos autónomos proxectan sobre a actividade económica e social de Galicia, unha vez eliminadas as transferencias internas entre os sectores mencionados (fundamentalmente, capítulos IV e VII de gastos da Administración Xeral e capítulos IV e VII de ingresos dos organismos autónomos), que acadaron os 2.572.435 miles de euros. O orzamento consolidado previsto para o exercicio 2004 ascendeu a 8.162.675 miles de euros, cun incremento dun 5,3% (413.601 miles de euros) sobre os orzamentos estimados inicialmente do ano anterior.

Orzamento consolidado 2003-04					
Ingresos					
	2003		2004		04/03
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)	(%)
Recursos propios	3.350,6	43,2	3.483,2	42,7	4,0
Ingresos tributarios	2.844,8	36,7	3.134,7	38,4	10,2
Ingresos patrimoniais	91,5	1,2	88,7	1,1	-3,0
Ingresos financeiros	414,3	5,3	259,8	3,2	-37,3
Recursos transferidos	4.398,4	56,8	4.679,5	57,3	6,4
Do Estado	3.842,9	49,6	4.121,1	50,5	7,2
Da Unión Europea	550,0	7,1	547,2	6,7	-0,5
Outros	5,5	0,1	11,1	0,1	101,7
Total	7.749,1	100	8.162,7	100	5,3
Gastos					
	2003		2004		04/03
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)	(%)
Xestión directa	4.808,3	62,1	4.958,3	60,7	3,1
Gastos de persoal	2.440,0	31,5	2.581,5	31,6	5,8
Gastos de funcionamento	857,3	11,1	925,6	11,3	8,0
Gastos financeiros	662,0	8,5	468,4	5,7	-29,2
Investimentos	849,1	11,0	982,9	12,0	15,8
Transferencias ó sector público	1.446,8	18,7	1.560,3	19,1	7,8
A Corporacións Locais	821,0	10,6	870,3	10,7	6,0
Outros	9,1	0,1	16,0	0,2	76,1
A Sociedades Públicas da C.A.	616,8	8,0	674,0	8,3	9,3
Transferencias ó sector privado	1.493,9	19,3	1.644,1	20,1	10,1
Familias e ent. sen ánimo de lucro	1.054,3	13,6	1.157,0	14,2	9,7
Empresas	439,7	5,7	487,1	6,0	10,8
Total	7.749,1	100	8.162,7	100	5,3

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.1.3. ►

No que aos ingresos se refire, o **cadro 3.1.3.** indica que o 42,7% dos ingresos (3.483,2 millóns de euros) corresponden aos recursos propios, que medraron un 4,0% respecto ao ano anterior. Entre estes recursos, os ingresos tributarios medraron un 10,2% para situarse nos 3.134,7 millóns de euros, o que representa o 38,4% dos ingresos totais. No que os recursos transferidos (o 57,3% dos ingresos), os recursos procedentes do Estado, tras unha medra do 7,2%, acadaron os 4.121,1 millóns de euros (o 50,5% dos ingresos), mentres que os recursos procedentes da UE acadaron unha contía similar á do ano anterior, con 547,2 millóns de euros (o 6,7% dos ingresos).

Polo lado dos gastos, un 60,8% do presuposto corresponde á xestión directa do mesmo, onde os gastos de persoal ascenderon a 2.581,5 millóns de euros (o 31,6% dos gastos totais). Os gastos de funcionamento e os investimentos acoñecen o 11,3% e 12,0% dos gastos, respectivamente. As transferencias ao sector privado, tras unha medra do dez por cento, acadan un total de 1.644,1 millóns de euros (o 20,1% do gasto) e as transferencias ao sector público, tras medrar un 7,8%, situáronse nos 1.560,3 millóns de euros (o 19,1% do presuposto consolidado).

No que atinxe á distribución económica, **cadro 3.1.4.**, os ingresos por operacións correntes experimentaron un incremento de 536.679 miles de euros, un 8,2% superior ao exercicio anterior, para situarse nos 7.086.427 miles de euros. Este crecemento viu impulsado polo comportamento dos ingresos de carácter tributario, que medraron un 10,2%, salientando un incremento adicional de 33.591

Presuposto consolidado da Comunidade Autónoma 2003-04: distribución económica**Ingresos**

	2003	2004	2003	2004	04/03	
	importe		valor relativo		importe	(%)
	(en miles de €)		(%)			
I Impostos directos	822.702	918.126	10,6	11,2	95.424	11,6
II Imposto indirectos	1.836.096	2.025.364	23,7	24,8	189.268	10,3
III Taxas, prezos e outros ingresos	186.032	191.219	2,4	2,3	5.187	2,8
IV Transferencias correntes	3.691.533	3.937.731	47,6	48,2	246.198	6,7
V Ingresos patrimoniais	13.385	13.987	0,2	0,2	602	4,5
Total operación correntes	6.549.748	7.086.427	84,5	86,8	536.679	8,2
VI Alleamento de investimentos reais	78.104	74.755	1,0	0,9	-3.349	-4,3
VII Transferencias de capital	706.909	741.742	9,1	9,1	34.833	4,9
Total Ingresos non financeiros	7.334.761	7.902.924	94,7	96,8	568.163	7,7
VIII Activos financeiros	665	665	0,0	0,0	0	0,0
IX Pasivos financeiros	413.648	259.085	5,3	3,2	-154.563	-37,4
Total Ingresos Financeiros	414.313	259.750	5,3	3,2	-154.563	-37,3
Total Operacións de Capital	1.199.326	1.076.247	15,5	13,2	-123.079	-10,3
Total	7.749.074	8.162.674	100	100	413.600	5,3

Gastos

	2003	2004	2003	2004	04/03	
	importe		valor relativo		importe	(%)
	(en miles de €)		(%)			
I Gastos de persoal	2.440.042	2.581.475	31,5	31,6	141.433	5,8
II Gastos en bens correntes e servizos	857.267	925.599	11,1	11,3	68.332	8,0
III Gastos financeiros	154.257	139.519	2,0	1,7	-14.738	-9,6
IV Transferencias correntes	2.076.492	2.223.440	26,8	27,2	146.948	7,1
Total operación correntes	5.528.058	5.870.033	71,3	71,9	341.975	6,2
VI Investimentos reais	849.062	982.885	11,0	12,0	133.823	15,8
VII Transferencias de capital	864.252	980.923	11,2	12,0	116.671	13,5
Total operacións non financeiras de capital	1.713.314	1.963.808	22,1	24,1	250.494	14,6
Total Gastos non Financeiros	7.241.372	7.833.841	93,4	96,0	592.469	8,2
VIII Activos financeiros	94.054	108.649	1,2	1,3	14.595	15,5
IX Pasivos financeiros	413.648	220.185	5,3	2,7	-193.463	-46,8
Total operacións financeiras de capital	507.702	328.834	6,6	4,0	-178.868	-35,2
Total Gastos Financeiros	507.702	328.834	6,6	4,0	-178.868	-35,2
Total Operacións de Capital	2.221.016	2.292.642	28,7	28,1	71.626	3,2
Total	7.749.074	8.162.675	100	100	413.601	5,3

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

miles de euros derivado do Imposto minorista sobre hidrocarburos, que financiará tanto gastos sanitarios como medioambientais.

▲ CADRO 3.1.4.

Pola contra, os ingresos totais das operacións de capital (1.076.247 miles de euros) descendieron respecto ao presupostado en 2003 un total de 123.079 miles de euros, un 10,3% menos que no ano anterior. No concenrente ás transferencias de capital, que aumentan un 4,9% respecto ao nivel do ano anterior, os ingresos procedentes do FCI medraron un 5,6% e as transferencias finalistas procedentes dos orzamentos do Estado o fixeron nun 41,5%. O volume total de ingresos procedentes da UE permanece practicamente nos niveis do ano anterior.

Os gastos por operacións correntes acadaron os 5.870.033 miles de euros, un 6,2% (341.975 miles de euros) máis que no estimado nos presupostos de 2003. As transferencias correntes experimentan un crecemento do 7,1% (146.948

**Transferencias correntes, investimentos reais e transferencias de capital da C.A. 2004:
distribución orgánica**

	Cap. IV	Cap. VI	Cap. VII
	(en miles de €)		
Administración Xeral	3.845.050,7	734.765,4	1.012.038,5
Parlamento	1.941,1	1.646,3	34,1
Consello de Contas	2,7	994,4	-
Consello da Cultura Galega	94,7	255,4	-
Presidencia REL. Instit. e Administ. Públ.	7.699,7	14.417,3	3.524,4
Economía e Facenda	17.104,7	6.133,7	85.452,9
Política Territorial O.P. e Vivenda	15.059,5	244.941,0	118.353,9
Educación e Ordenación Universitaria	423.173,7	98.625,1	19.543,4
Innovación, Industria e Comercio	17.959,4	12.081,8	140.776,6
Política Agroalimentaria e Desenv. Rural	16.396,0	88.188,1	195.024,1
Cultura, Comunic. Social e Turismo	38.430,5	45.679,2	94.076,1
Sanidade	2.349.180,5	24.515,9	14.099,0
Pesca e Asuntos Marítimos	1.621,2	44.876,8	113.322,2
Xustiza, Interior e Admón. Local	11.073,8	16.842,4	7.206,7
Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado	38.401,0	20.708,8	10.400,7
Medio Ambiente	3.177,0	84.729,5	132.672,3
Asuntos sociais, emprego e RR.LL.	237.960,5	12.766,2	5.304,4
Emigración	4.677,8	613,3	2.317,5
Consello Consultivo de Galicia	-	130,0	-
Transferencias a CC.LL.	661.096,8	-	69.930,4
Débeda Pública	-	-	-
Gastos de Diversas Consellerías	-	16.620,2	-
Organismos Autónomos	755.164,0	248.119,4	163.767,3
Escola Galega de Administración Pública	127,1	79,0	-
Instituto Galego de Estatística	44,9	1.964,0	-
Instituto Galego de Consumo	478,7	1.158,4	358,7
Servicio Galego de Saúde	744.992,3	122.680,4	510,0
Academia Galega de Seguridade	-	-	-
Serv. Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller	7.356,9	-	-
Augas de Galicia	-	31.987,3	83.907,5
Instituto Galego de Vivenda e Solo	1.800,1	83.119,8	56.538,7
Fondo Galego de Garantía Agraria	186,6	2.264,9	22.452,5
Instituto Galego de Artes Esc. e Musicais	177,4	4.865,7	-
Total orzamento bruto	4.600.214,6	982.884,8	1.175.805,9
Total transferencias internas	2.377.552,2	-	194.883,1
Total	2.222.662,5	982.884,8	980.922,8

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.1.5. ►

miles de euros) e acadan os 2.223.440 miles de euros. A desagregación orgánica, por actuacións previstas e por orixe de fondos das transferencias correntes, aparece nos **cadros 3.1.5., 3.1.9. e 3.1.10.**

No que atinxe aos gastos non financeiros de capital, 1.963.808 miles de euros, estes aumentan respecto o ano 2003, nun 14,6% (250.494 miles de euros). Os investimentos reais creceron un 15,8% (133.823 miles de euros) ata acadalos 982.885 miles de euros, e as transferencias de capital o fixeron nun 13,5% (116.671 miles de euros), acadando os 980.923 miles de euros. A súa distribución orgánica, por actuacións previstas e por orixe de fondos das transferencias correntes, aparece nos **cadros 3.1.5., 3.1.8. e 3.1.9.**

Dende o punto de vista da súa distribución funcional, a parte máis importante (89,9%) do orzamento consolidado repartíuse entre as seguintes funcións: Sanidade, o 31,2% (2.556.954 miles de euros); Educación, o 21,3% (1.735.723 miles de euros); Transferencia a entidades locais, o 9,0% (731.077 miles de euros); Débeda pública, o 4,4% (357.756 miles de euros); Agricultura, Gandería e Pesca, o 4,2% (350.110 miles de euros); Infraestruturas básicas e do transporte, o 4,0% (327.162 miles de euros); Seguridade Social e protección social, o 3,9% (323.424 miles de euros); Cultura, o 2,6% (211.126 miles de euros); Promoción de Emprego, o 2,5% (204.055 miles de euros); Vivenda e Urbanismo e Benestar comunitario, co 2,3% (188.220 miles de euros e 186.593 miles de euros, respec-

Presuposto consolidado de gastos da C.A. 2003-04: distribución funcional						
Funcións	2003	2004	04/03		Valor relativo	
			importe	(%)	2003	2004
		(en miles de €)		(%)		
1 Servicios de carácter xeral	160.415	175.753	15.338	9,6	2,1	2,2
11 Alta dirección da Com. Autónoma	29.834	32.339	2.505	8,4	0,4	0,4
12 Administración Xeral	130.581	143.414	12.833	9,8	1,7	1,8
2 Seguridade, protección e promoción social	485.342	540.774	55.432	11,4	6,3	6,6
21 Seguridade Social e protec. Social	281.882	323.424	41.542	14,7	3,6	4,0
23 Protección civil e seguridade	12.368	13.295	927	7,5	0,2	0,2
24 Promoción do emprego	191.092	204.055	12.963	6,8	2,5	2,5
3 Produción de bens públicos de carácter social	4.630.997	4.986.367	355.370	7,7	59,8	61,1
31 Sanidade	2.381.427	2.556.954	175.527	7,4	30,7	31,3
32 Educación	1.651.610	1.735.723	84.113	5,1	21,3	21,3
33 Vivenda e urbanismo	179.858	188.220	8.362	4,6	2,3	2,3
34 Benestar comunitario	152.016	186.593	34.577	22,7	2,0	2,3
35 Cultura	169.801	211.126	41.325	24,3	2,2	2,6
36 Outros servizos comunit. e sociais	96.285	107.751	11.466	11,9	1,2	1,3
4 Produción de bens públ. de carácter económico	458.420	546.581	88.161	19,2	5,9	6,7
41 Infraestruc.básicas e do transporte	258.868	327.162	68.294	26,4	3,3	4,0
42 Outras infraestructuras	129.790	139.327	9.537	7,3	1,7	1,7
43 Investigación científica, técnica e aplicada	64.016	74.240	10.224	16,0	0,8	0,9
44 Información estatística básica	5.746	5.852	106	1,8	0,1	0,1
5 Regulación económica de carácter xeral	121.068	128.387	7.319	6,0	1,6	1,6
51 Actuacións económicas xerais	56.128	38.927	-17.201	-30,6	0,7	0,5
52 Comercio	19.234	33.981	14.747	76,7	0,2	0,4
53 Actividades financeiras	45.706	55.479	9.773	21,4	0,6	0,7
6 Reordenación industrial e desenvol. empresarial	417.078	427.480	10.402	2,5	5,4	5,2
61 Agricultura, gandería e pesca	296.158	350.110	53.952	18,2	3,8	4,3
62 Industria	9.841	12.758	2.917	29,6	0,1	0,2
63 Enerxía	21.209	23.032	1.823	8,6	0,3	0,3
64 Minería	1.180	4.205	3.025	7,0	0,0	0,1
65 Turismo	3.122	37.375	34.253	1097,1	0,0	0,5
66 Industrialización e reordenación industrial	83.464	-	-83.464	-100,0	1,1	0,0
67 Desenvolvemento empresarial	2.104	-	-2.104	266,7	0,0	0,0
7 Apoio ós sectores productiv. e desenv. empresarial	225.074	268.501	43.427	19,3	2,9	3,3
71 Apoio á creación e ampliación de empresas	28.857	162.500	133.643	463,1	0,4	2,0
72 Desenvolvemento empresarial	103.627	108.001	2.374	2,3	1,3	1,3
73 Complexo silvicultura-madeira	14.401	-	-14.401	-100,0	0,2	0,0
74 Complexos prioritarios do sector industrial	13.729	-	-13.729	-100,0	0,2	0,0
75 Complexo turismo, loxística e servizos a empresas	64.460	-	-64.460	-100,0	0,8	0,0
8 Transferencia a entidades locais	684.899	731.077	46.178	6,7	8,8	9,0
81 Transferencias a entidades locais	684.899	731.077	46.178	6,7	8,8	9,0
9 Débeda pública	565.781	357.756	-208.025	-36,8	7,3	4,4
91 Débeda pública	565.781	357.756	-208.025	-36,8	7,3	4,4
Total	7.749.074	8.162.676	413.602	5,3	100	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

tivamente); e Apoio á creación e ampliación de empresas, o 2,0% (162.500 miles de euros). Este reparto recóllese no **cadro 3.1.6**.

▲ CADRO 3.1.6.

As variacións cuantitativas, en termos absolutos, por grupos funcionais respecto ao ano 2003 son as seguintes: os Servizos de carácter xeral incrementáanse en 15.338 miles de euros; Seguridade, protección e promoción social aumenta en 55.432 miles de euros; Produción de bens públicos de carácter social aumenta en 355.370 miles de euros; Produción de bens públicos de carácter económico incrementábase en 88.161 miles de euros; Regulación económica de carácter xeral aumenta en 7.319 miles de euros; Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial medra en 10.402 miles de euros; o Apoio aos sectores productivos e desenvolvemento empresarial, aumenta en 43.427 miles de euros; as Transferencias a entidades locais aumentan en 46.178 miles de euros; e finalmente, a Débeda pública descende en 208.025 miles de euros.

ANÁLISE DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS

O 51,3% do orzamento consolidado (4.187.248 miles de euros) corresponden a actuacións previstas a realizar a través dos investimentos reais (982.885

Actuacións previstas dos investimentos reais 2004: Administración Xeral

	importe		Total Consellería	
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)
Consellería de Presidencia, R.I. e Administración Pública.				
Equipos para procesos de información	3.950			
Xestión procedementos administrativos	3.752	0,5		
Asistencia estudos e outras actuacións	2.100	0,3		
Outras actuacións	4.615	0,6	14.417	2,0
Consellería de Economía e Facenda				
Mandatos a S.P.I., S.A.	1.683	0,2		
Outras actuacións	4.451	0,6	6.134	0,8
Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais				
Mandatos a S.P.I., S.A.	3.005	0,4		
Outras actuacións	9.761	1,3	12.766	1,7
Consellería de Política Territorial, O.P. e Vivenda				
Mandatos a SPI, S.A.	28.000			
Corredor Morrazo	25.000	3,4		
Conservación en materia de estradas	21.755	3,0		
Expropiacións en materia de estradas	10.057	1,4		
Expropiacións anteriores ao MARCO	8.000	1,1		
Actuacións en seguridade vial	7.001	1,0		
Mellora da accesibilidade. Variantes e actuacións en zonas urbanas	6.562	0,9		
Variante Marín	6.459	0,9		
Outras actuacións	132.107	17,9	244.941	33,2
Consellería de Educación e Ordenación Univ.				
Mandatos a S.P.I., S.A.	25.741	3,5		
Reparacións, ampliacións e melloras	14.193	1,9		
Convenios medios de comunicación	6.400	0,9		
Equipamento Enseñanza Secundaria (leasing)	5.495	0,7		
Adquisición material informático	4.808	0,7		
Outras actuacións	41.989	5,7	98.625	13,4
Consellería de Innovación, Industria e Comercio				
Promoción do comercio e dos produtos galegos	3.708	0,5		
Investimentos I+D	1.970	0,3		
Outras actuacións	8.374	1,1	12.082	1,6
Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural				
Mandatos a S.P.I., S.A.	15.626	2,1		
Concentración parcelaria, obras e servizos inherentes	10.087	1,4		
Infraestruturas de comunicación no medio rural	10.087	1,4		
Actos Clínicos, traballos auxiliares	9.388	1,3		
Mellora Gandeira	5.519	0,7		
